



N O R M A T I V A.-

CAMPIONATO TERRITORIAL NORTE DE TRAINERIÑAS - 2018

DATA: 19 e 20 de Maio de 2018

A CELEBRAR: CABO DE CRUZ - BOIRO (A Coruña)

ORGANIZA: Federación Galega de Remo e C. R. CABO DE CRUZ

COMITÉ TÉCNICO: Colexio Galego de Xuíces-Árbitros

REUNIÓN DE DELEGADOS.-

Terá lugar no local social da Asociación Mexilloeiros AMC a carón do club ás 16:00 horas do mencionado día 19 de maio (sábado).

REGATAS ELIMINATORIAS.- Sábado, 19 de maio.

Darán comezo ás 17:30 horas do sábado.

Clasificarán para a Final os 2 primeiros de cada Quenda e o mellor tempo dos terceiros. No caso de non formarse cabezas de serie, clasificarán para a final os 5 mellores tempos.

CONFIGURACIÓN DAS QUENDAS ELIMINATORIAS.-

Será en función dos resultados da última Regata de Liguilla.

REGATAS FINAIS.- Domingo, 20 de maio

O sorteo das calles farase ás 11,00 horas. As Finais darán comezo ás 11:30 horas.



PARTICIPANTES.-

Poderán participar só as tripulacións A dos Clubs da Territorial Norte nas distintas eliminatorias: XUVENIL e ABSOLUTO MASCULINO, e ABSOLUTO FEMININO.

PESAXE DE PATRÓNS.-

Realizarase o sábado día 19 a partir das 16:00 horas e ata as 17:00 horas nas instalacións do Club, onde estará abicada a báscula. Para os clasificados para as Finais, a pesaxe dos patróns farase o domingo día 20 entre as 10:30 e 11:00 horas no mesmo lugar có sábado. O peso regulamentario é de 50 Kgs. para ás mulleres, e de 55 Kgs. para os homes. Pódese levar un lastre de ata un máximo de 10 Kgs.

EMBARCACIÓNS.-

Para comprobacións de pesos de embarcacións, segundo o Artº. 16 do Regulamento de Banco Fixo e demais circunstancias vixentes.

CLASIFICATORIA PARA O CAMPIONATO GALEGO.-

Clasifican para o CAMPIONATO GALEGO os 4 primeiros de cada unha das categorías.

INSCRICIÓN.-

Ó obxecto de facilitar ó Club Organizador o número de Clubs participantes e tripulacións das distintas categorías, os Clubs deberán facer as inscricións por Fax á FEDERACIÓN, antes das 19:00 horas do día 16 de maio (MÉRCORES).

ADVERTENCIA ÓS CLUBS.- Recórdase ós Clubs participantes que teñen a obriga de estar ó corrente do pago das licenzas do seguro deportivo con esta Federación, condición necesaria para poder participar neste Campionato. Aqueles Clubs que non estean ó corrente das súas obrigas (pago Seguro das licenzas do Seguro Deportivo) non poderán participar no devandito Campionato.



Federación Galega de Remo




XUNTA DE GALICIA



DEPORTE GALEGO

Trav. de Gutemberg, 5-1º
Polígono La Grela-Bens
15008 La Coruña
Telf. y Fax: 981-264833
secretaria.fegar@gom
<http://www.fegar.org>

CAMPO DE REGATAS.-



DEPORTE GALEGO